



DATOS IDENTIFICATIVOS

Métodos e Recursos de Investigación Lingüística e a súa Aplicación á Lingua Inglesa

Materia	Métodos e Recursos de Investigación Lingüística e a súa Aplicación á Lingua Inglesa			
Código	V01M121V01101			
Titulación	Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Tizón Couto, David			
Profesorado	Tizón Couto, David			
Correo-e	davidtizon@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Este curso formará ao alumnado no estudo e na investigación da lingüística da lingua inglesa, e contribuirá a que o alumnado desenvolva competencias profesionais que serán de gran utilidade no seu futuro académico e no contexto da investigación. Neste curso o alumnado adquirirá competencias intelectuais para identificar temas de investigación e para formular preguntas e hipóteses. O alumnado tamén adquirirá competencias prácticas para obter coñecemento base en temas de investigación e estudos lingüísticos. Entre as varias competencias transversais que se tratarán neste curso inclúense competencias na escrita académica e na comunicación oral, así como o uso de convencións formais na presentación de ensaios/traballos académicos e nas presentacións orais.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo
B3	Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B4	Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.
B5	Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses.
B6	Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.
B7	Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.
B8	Autonomía progresiva na aprendizaxe, procura propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.

B9	Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses.
B10	Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudo.
C2	Coñecemento dos principais modelos de investigación lingüística.
C3	Coñecemento dos principais recursos e ferramentas de investigación lingüística.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento básico para a investigación e o estudo de temas lingüísticos da lingua inglesa. Capacidade para empregar eficientemente recursos bibliográficos da biblioteca, bases de datos, obras de referencia, dicionarios, etc. Coñecemento das notacións académicas do eido da lingüística e das convencións de citación bibliográfica.	A5 B3 B7 B8 C3
Capacidade crítica para identificar temas de investigación e formular hipóteses. O alumnado mellorará as súas competencias de análise crítica, por exemplo para preparar a reseña da bibliografía, recoñecer fallos na argumentación de estudos, recoñecer os méritos en estudos, ensaios, presentacións.	A5 B5 B6 B7 C2
Práctica das competencias e estratexias relevantes para un programa de mestrado, por exemplo a eficacia do uso do tempo, o cumprimento coas datas de entrega de traballos, a aprendizaxe autónoma, as lecturas fóra da aula, etc.	A5 B5 B7 B8 C3
Desenvolvemento das habilidades no contexto académico. Habilidade de deseñar un proxecto (case study), cun argumento sólido e lóxico, facendo uso de fontes bibliográficas. Capacidade de comunicar e presentar o proxecto nun estándar académico axeitado ao nivel de máster.	A1 A4 B1 B4 B6 B7 B9
Familiarización coas estratexias axeitadas para unha comunicación óptima da presentación oral.	A4 A5 B4 B7 B8 B10
Familiarización cos métodos esenciais para a compilación de datos, mediante os cales aprenderán a realizar investigación lingüística dun xeito sistemático e eticamente apropiado.	A5 B1 B5 B6 B9 C3

Contidos

Tema	
1. Literature research and resources for linguistic research.	How to search databases, catalogues etc. Introduction to main websites, software, reference grammars and dictionaries, etc. Approaches to the Literature Review.
2. Research questions and research outline.	Types of research questions and hypotheses. How to elaborate a research proposal. Overview of quantitative and qualitative methods for linguistic research.
3. Data collection methods and research ethics.	Variety of methods in linguistic research: corpora, grammaticality judgements, elicitation, surveys and experiments. The ethics of research.
4. Referencing and writing conventions in linguistics.	How to cite references in linguistic research. Use of notational conventions. Academic malpractice and how to avoid it: plagiarism, collusion, fabrication of results, etc.
5. The process of writing a research paper / dissertation.	Advice on planning, preparation of an abstract, structure, drafting, revising, etc. Sections in a paper / dissertation: Introduction, Background, Data & Methods, Results, Discussion, Conclusion
6. Presentation of your research.	Advice on the preparation of different modes of presentation of research: oral presentations, posters, handouts, etc.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	0.5	0	0.5
Lección maxistral	8	0	8
Resolución de problemas	5	0	5
Resolución de problemas de forma autónoma	0	40	40
Traballo	0.5	21	21.5
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problema e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Traballo	Por atención personalizada enténdese atención na aula e en horario de titorías, así como atención a través da plataforma de teledocencia. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, ofrecer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso. É recomendable que o alumnado informe con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. A hora e día debe ser acordado por medio do correo electrónico.

Avaliación		Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
	Descrición				
Resolución de problemas	Participación e implicación do alumnado nas sesións presenciais (lectures e seminarios): atención, comentarios e preguntas ao fío das explicacións e resolución de actividades encomendadas. Os exercicios serán puntuados polo profesor, con ou sen previo aviso. Debe terse en conta que a asistencia é obrigatoria.	15	A4 A5	B4 B5 B6 B7 B8	C2 C3
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución de exercicios, problemas ou pequenos traballos que o alumnado realizará de forma autónoma na aula ou fóra da aula e que serán puntuados polo profesor. Algúns destes exercicios serán auto-evaluados polo alumnado mediante a plataforma virtual.	45	A4 A5	B4 B5 B6 B7 B8	C2 C3
Traballo	Proba final cun compoñente práctico no que alumnado explicará o proceso de preparar un traballo de investigación (bibliografía, búsqueda de materiais, estrutura, métodos de análise, hipóteses, etc.). Non se requerirá que o alumnado faga a investigación en si, só o proxecto de investigación.	40	A1 A4 A5	B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C2 C3

Outros comentarios sobre a Avaliación

- Este curso será impartido integramente en lingua inglesa.
- A asistencia presencial é obrigatoria.
- Esperáse que o alumnado complete todos os traballos/exercicios requiridos e que faga as lecturas indicadas. Espérase que o alumnado veña preparado ás aulas para poder seguir as sesións adecuadamente, e para debater as lecturas e exercicios.

- As datas de entrega de exercicios e traballos serán acordadas co alumnado ao comezo do curso. En xeral, os exercicios entregaranse despois de cada unidade temática, e o proxecto final entregárase despois de rematar o curso presencial.
- O alumnado debe visitar a plataforma Moovi con regularidade, e consultar o correo electrónico tamén.
- Non se tolerará ningún tipo de plaxio, e de cometerse éste será penalizado severamente cun suspenso na totalidade da materia. Alegar descoñecemento non eximirá a/o estudante da súa responsabilidade.
- Se se suspende a materia na primeira edición de actas, o alumnado deberá recuperar a parte suspensa (exercicios e/ou proxecto final) na segunda edición de actas (xullo). A data de entrega será acordada entre o profesor e o alumnado suspenso, sendo ésta igual para todas/os as/os estudantes.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Litosseliti, Lia, **Research methods in linguistics.**, 2nd, Bloomsbury, 2018

Podesva, Robert & Devyani Sharma, **Research methods in linguistics**, Cambridge University Press, 2013

Sealey, Alison, **Researching English language. A resource book for students.**, Routledge, 2010

Wray, Alison, Kate Trott & and Aileen Bloomer., **Projects in linguistics. A practical guide to researching language.**, 3rd, Routledge, 2012

Bibliografía Complementaria

Cottrell, Stella, **The study skills handbook**, 5th, Red Globe Press, 2019

Recomendacións

Outros comentarios

O alumnado debe de posuir unha competencia lingüística en inglés igual ou superior ao nivel C1 (segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas): <https://www.coe.int/en/web/common-european-framework-reference-languages>